

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 29 DE XANEIRO DO 2024

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e nove de xaneiro do dous mil vinte e catro, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

Presidente o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca.

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e Dna. Margarita López Rodríguez.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. José Luis Rodríguez Varela e D^a María Luisa Vázquez López

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias e D. Manuel Luaces Fernández.

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

Interventora accidental: D^a María Inmaculada Buján Arias

Non asiste a concelleira D^a Pilar Espinosa Novelle e o concelleiro D. Victor Manuel Rodríguez López.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 26 DE DECEMBRO DO 2023 E 22 DE XANEIRO DO 2024.

Sométense a votación as actas do pleno de 26 de decembro do 2023 e 22 de xaneiro do 2024, aprobándose por unanimidade.

2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 20.12.2023 AO 23.01.2024.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 20.12.2023 e o 23.01.2024.

Intervén o concelleiro D. Jaime Germán Vázquez manifestando a retirada da súa moción presentada relativa á sanidade pública.

Prócedese a votación da inclusión por urxencia do escrito presentado pola Plataforma Pladesaplu, resultando aprobado por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

3º.- PROPOSTA PLADESAPU

Pola voceira da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Comarca de Lemos procédese á lectura da proposta presentada:

*“Sr. Alcalde, membros da corporación, compañeiros de PLADESAPU, veciños e veciñas.
A Plataforma en Defensa da Sanidade Pública de Monforte agradece o sr. Alcalde que nos permita utilizar a Participación Cidadana para poñer de manifestó as seguintes liñas sobre a ben coñecida situación da nosa Sanidade Pública.*

A Sanidade Pública Galega esta nunha situación paliativa, na última fase do seu desmantelamento: Centro sde Saúde e PACs inaccesibles, consultas telefónicas en lugar de presenciais, centros masificados, sen pediatras nin persoal suficiente, con axendas pechadas e citas alongadas ata varias semanas, servizos de urxencias e plantas de hospitalización colapsadas, listas de agarda hospitalarias manipuladas que ocultan máis da metade dos pacientes, servizos de Saúde Pública sen recursos para afrontar as epidemias, persoas maiores abandonados nas residencias e nas dependencia, e un persoal sanitario insuficiente que soporta unhas condicións laborais precarias e indignas.

Esta situación no né nova para os veciños da comarca de Lemos, de feito leva alongándose demasiado tempo, ata o punto de quedarnos cun só médico nalgúns dos Centros de Saúde sendo, por suposto, moi insuficiente a asistencia aos usuarios e volvendo graves moitas das pataloxías crónicas, ademáis de especialidades médicas case perdidas que acarreean moitas dificultades nos veciños. Mais dun ano, leva esta Plataforma informando, denunciando e avisando do que agora estamos a sufrir e do pasotismo reflexado por parte das xerencias as cales esiximos, en varias ocasións non só medidas urxentes senón un ápice de interese por mellorar a situación.

Anos hai que o daquela Presidente da Xunta, Alberto Nuñez Feijoo, aseguraba que a perda da Area Sanitaria de Monforte de Lemos non acarrearía ningún perxizo para a calidade da sanidade pública, pois aquí temos o resultado xa que nin dende a Xerencia de Lugo, da que supostamente dependemos, mostra nin interés nin solucións.

É necesaria unha gran mobilización social e profesional para cambiar esta situación aberrante e inaceptable, e que culmine as manifestacións convocadas nos últimos meses en decenas de pobos e cidades de toda Galicia como protesta polo abandono asistencial e a falta de recursos que pon en risco permanente a saúde da poboación.

Dende SOS Sanidade Pública, e as súas 55 organizacións, nas que nos incluimos propoñenselle ao Servizo Galego de Saúde as seguintes medidas urxentes para afrontar esta situación crítica e desoladora.

- 1. Incrementar o orzamento sanitario, especialmente na Atención Primaria, ata o 25% do total que indica a Organización Mundial da Saúde (OMS).*
- 2. Incrementar o persoal de medicina familiar, pediatría e enfermaría, e a incorporación aos equipos sanitarios de novas categorías profesionais*

3. *Apertura dos Centros de Saúde pechados e creación de novos onde sexa necesario, coa dotación suficiente para realizar a súa labor.*
4. *Reintegración do servizo de ambulancias ao Sistema Público e aumentar a dotación das mesmas.*
5. *Implementación dun Plan Urxente para racionalizar as listas de agarda hospitalarias, poñendo de novo a funcionar a pleno rendemento os centros sanitarios públicos.*
6. *Garantir que a atención médica e o control da saúde das persoas incluídas no sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.*
7. *Elaborar de forma consensuada dun Plan de Saúde Mental que dote ao Sistema Sanitario Público Galego de recursos e de persoal axeitado.*
8. *Eliminar a inestabilidade e precariedade laboral no Sistema Público e implementar unha política xusta e incentivadora.*
9. *Concursos públicos transparentes e abertos para cubrir os cargos de xestión do Sistema Público. Erradicar as prácticas de clientelismo e nepotismo.*
10. *Restablecer as Xerencias de Atención Primaria e dotas de capacidade resolutiva e orzamenteo propio. Restituir as Areas Sanitarias suprimidas e os recortes nos Hospitais comarcais.*
11. *Reorientar o sistema ao modelo comunitario e participativo para garantir unha atención integral.*
12. *Desmedicalizar o sistema, e acabar co uso irracional e abusivo dos fármacos e das novas tecnoloxías, e poñer o eixo do mesmo na Atención Primaria.*

Ademais chamamos a toda a cidadanía galega a encher a Praza do Obradoiro de Compostela o vindeiro domingo 4 de febreiro cunha única voz en defensa da sanidade pública que queremos e que merecemos.

Por este motivo a Plataforma en Defensa da Sanidade Pública do Distrito de Monforte de Lemos solicita ao Pleno Municipal do Concello de Monforte de Lemos:

- *O apoio dos componentes deste Pleno Municipal as 12 medidas citadas anteriormente e propostas por SOS Sanidade Pública para mellorar a situación sanitaria.*
- *O apoio para esixirlle o Goberno Autonómico a mellora da situación sanitaria no noso distrito e a recuperación da Area Sanitaria.*
- *O apoio a Manifestación convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública o día 4 de febreiro na Praza do Obradoiro en defensa destas medidas urxentes para salvar a sanidade pública galega”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez agradece á plataforma sanitaria que poña voz a situación sanitaria de Galicia. Fala que é a realidade dos veciños de Monforte e comarca, as citas superan as semanas de espera. Tamén din que faltan especialistas, listas de esperta insorportables, diante a situación un pobo e os seus representantes non poden quedar calados, este grupo ten presentado mocións da situación sanitaria que estase a vivir, di que o Sr. Feijoo deixou a Monforte sen area sanitaria. Di que o apoio e compromiso de Esperta Monforte coa plataforma é total, poden contar con eles. Di comprende que un representante do concello non amose o seu apoio a esta situación.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifesta que no 2023 fala dunha iniciativa do BNG na atención primaria, a falta de profesionais daquelas datas. Agradece o traballo á plataforma dun xeito desinteresado. Todas estas iniciativas e propostas son fundadas porque se sabe como está o hospital, como está o servizo de atención Primaria e, se aínda se pode ir con seguridade ao médico é única e exclusivamente para labor que fan os profesionais. Ao carecer dun orzamento propio, é fundamental, isto pasa en Lugo e agora hai que enchelo de contido, cada vez hai que máis a Lugo por especialidades. Fala sobre todo nun especial entorno como é o rural, con este tipo de medidas pouco favor fan para que se paralice ese dato demográfico negativo, non se vai extender máis, debateuse polo tema da sanidade, fala do ano 2015, dende esa data non se mellorou nada. O que interesa son políticas neoliberais que buscan a atención privada. Di que eles apoian esta iniciativa e todas cantas haxa ao respecto, e participarán nesa maniestación o día 4 en Compostela.

Intervén D^a Katherinie Varela di que esta iniciativa estase presentando en toda Galicia, di que en moitas ocasións faláron cando se traen cousas específicas de Monforte son os primeiros en apoiálos, cando veñen este tipo de iniciativas porque son máis xenéricas, non van votar en contra porque a sanidade é un tema politizado e moi sensible. Non lle gusta que digan que o hospital de Monforte está en paliativos, é verdade que hai un problema que custa cubrir determinadas prazas, fala da saúde mental, esquencen nas súas peticións, a sanidade está delegada na Xunta de Galicia, hai determinadas competencias que lle corresponden ao Goberno Central, a convocatoria de prazas, prazas MIR, estas iniciativas teñen un gran carácter electoralista. Custalle apoiar esta iniciativa, porque que ten competencias de incrementar o persoal de medicina de familia, é o goberno central. En canto ao da consulta telefónica, hai moitas persoas que agradecen a consulta telefónica, porque moitas consultas poden axilizarse de xeito telefónico. Di que eles vanse abster, entenden que vostedes consideren que sexan adecuadas .

Intervén D^a Gloria M^a Prada manifesta o apoio do grupo municipal socialista, quere transmitirle que o Grupo Municipal Socialista acudirán a esta moción, nesta proposta queda reflexado como se atopa a situación sanitaria de Monforte. Sinala que é a peor situación da sanidade pública, pasando a unha situación tercer mundista, o goberno do PP basa a súa política no desmantelamento da atención primaria. A Xunta de Galicia reduxo os presupostos sanitarios, multiplicando a lista de espera e o tempo de atención, o tempo de atención para o médico de familia é de 20 días. Convertiron a Monforte en Distrito pese aquela afirmación do Sr. Feijoo onde dicía que Monforte ía seguir sendo area sanitaria. Nunca estivo tan mal a Sanidade, a Xunta de Galicia co goberno do PP está rematando con ela, reforzando a sanidade privada. A Xunta volcase coa privada, hai máis de 200 concellos e nos que non hai servizo de pediatría, están desmantelando os hospitais comarcais, a política do PP é incompatible cun sistema de calidade, por outra banda, os profesionais sufren precariedade das xerencias . Desmantelan a primaria e pasan a depender dos hospitais grandes, toda a sanidade pública pasa a depender destes centros, non se cubren prazas e obrigan as persoas a acudir ás urxencias dos hospitais. O departamento de recursos humanos da Xunta de Galicia, leva presentado o mesmo informe que di que hai falta de profesionais, e a competencia de Sanidade non é competencia do Estado é competencia da Xunta de Galicia. Lembra que o Sr. Montoro do Partido Popular co presidente Rajoy implantou unha taxa de reposición en Sanidade e Educación, que foi un erro, hoxe atopámonos pagando esas decisións, o que ocorre agora é consecuencia da súa austeridade, fala da marcha de talento para fóra de Galicia. Tamén hai outro problema

grande, fala dun sistema de concetración horizontal, perderonse capacidade de sistema de xestión, como é o caso do distrito de Monforte en favor das grandes cidades.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que Esperta Monforte presentou esta moción para poder debatila, aínda que lle pareza unha moción tipo, o caso de Monforte vése agravada pola perda da área sanitaria propia. Di que eles veñen aquí moitas veces, porque hai ferramentas dende o Concello que non se están utilizando, a maiores do tema sanitaria é que é a primeira empresa de Monforte, traballan 450 persoas, a segunda é o Concello que son 114, digan vostede senón hai que coidala. Di que eles non paran de pedirlle ao equipo de goberno que traballe máis no Consello de Saúde, neste caso SOS Sanidade Pública uns profesionais que saberen ven do que falan están pedindo unha serie de postos que eles apoian absolutamente, non lles parece normal que antepoñan as cousas do partido ás necesidades dos monfortinos. Di que é algo que hai que arranxar. Vostedes levan gobernando moito tempo e deben ser vostedes o que deben entonar a súa culpa. Isto é prioritario.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que ás veces entende que sexa complicado, pe ronon pode consentir que mintan, a moción do BNG do mes de decembro, non se sabía que habería eleccións, a realidade non se pode tapar cun dedo, aquí Vigo non aparece para nada. Aquí se trouxo cada tres meses unha iniciativa respecto da Sanidade, polo tanto, para o Partido Popular non van votar en contra pero a favor tampouco, van mirar a partir do 19 de febreiro, canto tardan vostedes en traer unha iniciativa da Sanidade. Vostedes seguen dicindo en que é o Estado, a competencia é de quen a ten. Entenden que sexa difícil de debatir sen contar mentiras, non poden entender que agora que é político, el lembra tamén que a principios de febreiro nos últimos anos, hai unha concentración en Santiago, isto é unha necesidade que hai, estas persoas que están na plataforma non o fan por capricho, vaian vostedes ás feiras, preguntelle á xente, esa é a realidade o que a veciñanza reclama.

Intervén D^a Katherinie Varela manifestando que ao mellor é que as queixas as escoitan máis aquí que na rúa. Si que é certo que no centro de saúde, houbo un so médico no Nadal. O feito que poida haber unha convocatoria máis dos médicos de familia, pero recoñece vostede que si e o goberno central coa taxa de reposición, Hai cousas coas que non están de acordo, claro que hai cousas que son mellorables, non están de acordo en todo, hai tres formas de votar. Recoñecen que é un tema sensible, e se pode manipular moito con este tema. Incrementouse o presuposto do 2009 nun 38%, actualmente son 5.070.00 millóns de euros para a Sanidade e vostedes están falando de recortes, e tampouco poden tolerar que lles digan que parece que non apoian as medias porque é o partido popular, hai puntos non se poden apoiar, botan de menos que se reivindiquen a quen ten competencia para aumentar a taxa de reposición.

Intervén D^a Gloria M^a Prada di que a lei de saúde eliminou as áreas sanitarias e as deixou como distrito. Fala da creación das EOXI, esta perda de capacidades fai que se perda a capacidade de dotar de prazas de difícil cobertura, despretixido dos hospitais comarcas, cantos MIR foron convocados, antes que eles hai profesionais en listas de espera, a Xunta presenta unha lei levando asen presuposto algún, o que presentaron foi unha proposición non de Lie, o goberno da xunta non aceptou ningunha alegación das 750 presentadas. Levan anos sen convocar prazas de especialistas. A moso o apoio a mesma.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo q ue falan vostede, D^a Katherinie, sempre se utiliza a política, sempre falan de política sanitaria . O PP é o que mais utiliza, e so hai que lembrar durante a pandemia o Sr. Feijoo facía unha rolda prensa diaria para criticar ao goberno de Estado e cando lle devolveron as competencias, deixou de facer roldas de prensa. E logo fala vostede de botarlle a culopa ao goberno do Estado, o goberno de Estado ten moi pouquiñas competencias. Polo tanto non diga que lles pasou as 150 prazas de MIR que vostedes teñen aprobadas e non convocaron. O que lles pasa que teñen ao persoal médico mal pagado. Contratos precarios de días, de semanas de meses, é unha realidade da sanidade pública galega, noutros sitios si que hai, isto é a realidade. Dende 4 abril do ano 2009 , ata hoxe hai máis de 900 sanitarios menos na sanidade pública e sinceramente, cre que con estes recortes, que van adicar se vostedes están perdoando as grandes fortunas, iso si pídennlle máis ao Estado, hai que ter un pouco de menos rostro, así non se axuda á sanidade pública. Nunca tan mal estivo a sanidade pública nos 40 anos de democracia. Aмосa o seu apoio totalmente, na propstoa da plataforma no ben o punto do Alvaro Cunqueiro, está adaptada as nosas circunstancias.

Procédese á votación desta proposta resultado aprobada por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e tres abstención dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

PARTE RESOLUTIVA

4º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS URBANOS, LIMPEZA VIARIA E OUTROS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS COA EMPRESA FCC MEDIO AMBIENTE SA.

O ditame é favorable á proposta con oito votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e unha abstención do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“ANTECEDENTES

1. Contrato administrativo asinado en data 08.09.2010, con FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS SA. para a Xestión do servizo público de recollida e transporte dos residuos urbanos, limpeza viaria e outros servizos complementarios.

2. Acordo da Xunta de goberno local, de data 31.05.2012, no que se designa como responsable do contrato a D. Juan Carlos Prado Díaz, Técnico municipal de medio ambiente.

3. Acordo do Pleno da corporación, de data 24.09.2018, no que se autoriza a cesión do contrato sinalado á filial da concesionaria FCC MEDIO AMBIENTE SA (CIF A28541639). Dito acordo foi elevado a escritura pública de data 11.11.2018 con número de protocolo 2.520 ante o Notario D. Valerio Pérez de Madrid Carreras.

4. Acordo do Pleno da corporación, de data 27.08.2020, no que se aproba a prórroga do contrato de Xestión do servizo público de recollida e transporte dos residuos urbanos, limpeza viaria e outros servizos complementarios asinado con FCC MEDIO AMBIENTE SA (CIF A28541639) por un período de 10 anos, con vixencia ata o 07.09.2030.

5. Memoria técnica aportada por FCC MEDIO AMBIENTE SA (NRE 2024/1605, do 17.01.2024), para a modificación do contrato para a súa adaptación á directiva 2018/851 do Parlamento europeo trasposta ao ordenamento xurídico pola Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados, vixente desde o 09.04.2022. A modificación suporía un incremento de 129.451,29 € sobre o actual custe anual do servizo.

6. Informe do responsable do contrato, de data 18.01.2024, no que manifesta á necesidade da modificación do contrato vixente de xestión deste servizo público pola entrada en vigor da Lei 7/2022, nas condicións sinaladas por FCC MEDIO AMBIENTE SA.

7. RC núm. 2024 22000092, do 18.01.2024, con cargo á partida orzamentaria 1621 22700, por importe de 129.451,29 €.

8. Informe xurídico, de data 18.01.2024.

9. Informe de fiscalización, de data 19.01.2024

Con base ao recollido no documentos antes relacionados, **PROPOÑO** que polo Pleno se adopte o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a modificación do contrato de Xestión do servizo público de recollida e transporte dos residuos urbanos, limpeza viaria e outros servizos complementarios asinado con FCC MEDIO AMBIENTE SA segundo as características recollidas na Memoria técnica e cun incremento anual de 129.451,29 €.

O contrato con FCC MEDIO AMBIENTE SA, con CIF A28541639, ascendería a 2.144.717,60 €/ano cun prazo de vixencia ata o 07.09.2030.

Segundo.- Reaxustar a garantía correspondente ao contrato, de acordo ao recollido no artigo 87.3 da Lei 30/2007, de contratos do sector público.

Terceiro.- Formalizar a presente modificación en documento administrativo

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario.

Quinto.- Trasladar o presente acordo aos servizos económicos e ao responsable do contrato.

Sexto.- Publicar a modificación e formalización no Perfil do contratante.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que lle gustaría saber porque na Comisión Informativa non se explicou nada. Aproveita para dicir que vostede no pleno de organización dixo que era o alcalde de todos os monfortinos, o secretario é o secretario de todos os monfortinos, di que lle dixo que deixara reflexado o que pasou en rogos e preguntas o que fixo foi ignoralo. O certo non é de recibo que os citen a unha comisión informativa e que alí lle digan que os citan para o pleno.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que despois de ser sabedores da implantación do cubo marrón, e despois de traer iniciativas e preguntas a esta cámara ao respecto, poden
Acta do Pleno ordinario de 29.01.2024

deducir que hai orzamento, e despois de realizar todo o gasto detallado por parte de FCC , di que eles para que funcione que saben seguro que unha vez que estea implantado, di que neste punto concreto van votar a favor .

Intervén D^a Katherinie Varela dique entenden que isto se debe a esta implantación do cubo orgánico, vanse abster, o que si van aproveitar estan tratando este tema da recollida delixo, seguen recibindo queixa da escasez de cubos, e no tema dos horarios. De cara ao inverno que se repartan os cubos máis temprano.

Intervén o Sr. Alcalde di que vostede quixo facer un debate alí, por tanto calquera pregunta ten dereito a facer, pero do tema que se debate, non falar doutras cousas. En relación co Sr. Secretario xa lle di que non lle vai permitir a ninguén que lle falta ao respecto a ningún funcionario municipal, sobre todo porque non participan no debate político, polo tanto non se metana determinados habilitados, as actas recollen sucintamente os acordos tomados. E logo se vostede lera o ROF verá que só quen preside o acto pode dirixirse ou autorizar , esa é unha cuestión que ten que quedar clara, non se metan aos funcionarios onde non hai que metelos, para calquera pregunta que queira realizar a Secretaría, solicíteo por escrito, En relación co resto dos temas deste punto, dicir que a recollida orgánico é un tema que xa foi posposto. O Concello fixo o que toca facer por lei, comenzaron por poñer en marcha o funcionamento no rural, porque é máis sinxelo, e logo se comenzou pola zona urbana, iso ao final cústlalle ao concello 337.000 euros, o camión comprouno o Concello cunha axuda da Xunta e tamén para mercar os caldeiros. Hoxe a falta de dque poida faltar algún contenedor nalgún sitio, tamén é certo que xeralmente os residuos orgánicos son menos voluminosos que o resto, se fixera falta aumentar a frecuencia, se aumentaría.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e tres abstencións dos concelleiros do Grupo municipal do Partido Popular.

5º.-APROBACIÓN DA ORDENANZA NON FISCAL REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL POLO ABASTECIMENTO DE AUGA E APROBACIÓN DA ORDENANZA NON FISCAL REGULADORA DE LA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO POLA REDE DE ALCANTARILLADOS E DEPURACIÓN.

O ditame é favorable á proposta con cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“PROPOSTA AO PLENO

Acta do Pleno ordinario de 29.01.2024

Visto el Informe de la Técnica de Rentas y de la Tesorera.

Visto que el Ayuntamiento de Monforte de Lemos la gestión del servicio de abastecimiento de agua se presta de forma indirecta, mediante concesión administrativa, según el Contrato de concesión del servicio de abastecimiento del agua de fecha 7 Julio del 2001.

Visto que el Ayuntamiento de Monforte de Lemos dispone de la Ordenanza Fiscal reguladora de la Tasa por abastecimiento de agua y la ordenanza Fiscal reguladora de la Tasa de red de alcantarillado, saneamiento y depuración de aguas, que como su nombre indica regula la tasa y tarifas para la prestación del servicio.

Mediante la ley 9/2017, de 8 de noviembre y más concretamente mediante las disposiciones finales undécima, duodécima y novena se modifican respectivamente la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo y la Ley 8/1989, de 13 de abril, del régimen jurídico de las tasas y los precios públicos; se establece

“Disposición final novena. Modificación de la Ley 8/1989, de 13 de abril, del régimen jurídico de las tasas y los precios públicos.

Se añade una nueva letra c) al artículo 2 de la Ley 8/1989, de 13 de abril, del régimen jurídico de las tasas y los precios públicos, con la siguiente redacción:

*«c) Las **tarifas que abonen los usuarios** por la utilización de la obra o por la prestación del servicio a los concesionarios de obras y de servicios conforme a la legislación de contratos del sector público, que son **prestaciones patrimoniales de carácter público no tributarias**.»*

Disposición final undécima. Modificación de la Disposición adicional primera de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria.

La Disposición adicional primera de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, queda redactada en los siguientes términos:

«Disposición adicional primera. Prestaciones patrimoniales de carácter público.

- 1. Son prestaciones patrimoniales de carácter público aquellas a las que se refiere el artículo 31.3 de la Constitución que se exigen con carácter coactivo.*
- 2. Las prestaciones patrimoniales de carácter público citadas en el apartado anterior podrán tener carácter tributario o no tributario.*

Tendrán la consideración de tributarias las prestaciones mencionadas en el apartado 1 que tengan la consideración de tasas, contribuciones especiales e impuestos a las que se refiere el artículo 2 de esta Ley.

Serán prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario las demás prestaciones que exigidas coactivamente respondan a fines de interés general.

En particular, se considerarán prestaciones patrimoniales de carácter público no tributarias aquellas que teniendo tal consideración se exijan por prestación de un servicio gestionado de forma directa mediante personificación privada o mediante gestión indirecta.

En concreto, tendrán tal consideración aquellas exigidas por la explotación de obras o la prestación de servicios, en régimen de concesión o sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariales, sociedades de capital íntegramente público y demás fórmulas de Derecho privado.»

Disposición final duodécima. Modificación del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Se modifica el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, añadiéndose un nuevo apartado 6 al artículo 20, en los siguientes términos:

«6. Las contraprestaciones económicas establecidas coactivamente que se perciban por la prestación de los servicios públicos a que se refiere el apartado 4 de este artículo, **realizada de forma directa mediante personificación privada o mediante gestión indirecta, tendrán la condición de prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario conforme a lo previsto en el artículo 31.3 de la Constitución.**

En concreto, tendrán tal consideración aquellas exigidas por la explotación de obras o la prestación de servicios, en régimen de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariales, sociedades de capital íntegramente público y demás fórmulas de Derecho privado.

Sin perjuicio de lo establecido en el artículo 103 de la Ley de Contratos del Sector Público, las contraprestaciones económicas a que se refiere este apartado se regularán mediante ordenanza. Durante el procedimiento de aprobación de dicha ordenanza las entidades locales solicitarán informe preceptivo de aquellas Administraciones Públicas a las que el ordenamiento jurídico les atribuyera alguna facultad de intervención sobre las mismas.»

De tal manera que con las modificaciones introducidas por la Ley 9/2017, se aclara la naturaleza jurídica de las tarifas que abonan los usuarios por la percepción de los servicios públicos, en función de la forma de gestión del servicio.

De acuerdo a lo señalado, la Tasa por abastecimiento de agua y la Tasa de red de alcantarillado, saneamiento y depuración de aguas al estar gestionadas de forma indirecta mediante concesión no tendrían naturaleza tributaria de Tasa, y serían ingresos privados de naturaleza no tributaria.

De acuerdo con lo anterior, se propone al Pleno de la Corporación

Primero.- *Aprobar la Ordenanza no fiscal reguladora de la prestación patrimonial de carácter no tributario por la red de alcantarillados y depuración.*

ORDENANZA NO FISCAL REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NO TRIBUTARIO POLA REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 2 do Texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, este Concello establece a contraprestación económica relativa a prestacións patrimoniais de carácter público no tributario pola prestación do servizos sumidoios e depuración do Concello de Monforte de Lemos.

Esta Ordenanza se aplicará a os servizos sumidoios e depuración do Concello de Monforte de Lemos.

ARTIGO 2.- PRESTACIÓN PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NO TRIBUTARIO.

1. Constitúe unha prestación patrimonial de carácter público no tributario:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida e enganche á rede de sumidoiros.*
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.*

2. Non estarán suxeitas as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

ARTIGO 3.- PERSOAS OBLIGADAS AO PAGO.

Estarán obrigados ao pago das prestacións patrimoniais de carácter no tributario, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que sexan:

- a) Cando se trate de enganches ou acometidas, as persoas que obtiveran as licencias de construción e uso de inmobles para o caso de vivendas, e os titulares da licenza de apertura nos locais comerciais.*
 - b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do número anterior os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarias de ditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.*
- 2. En todo caso, terán a condición de obrigados ao pago das prestacións patrimoniais de carácter no tributario das vivendas ou locais o propietario deses inmobles, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.*

ARTIGO 4.- IMPORTE DA PRESTACIÓN. TARIFAS.

TARIFA 1.- Depuración e sumidoiro

Para aqueles abonados ó servizo de Abastecemento de auga, a tarifa a aplicar e a seguinte:

<i>DOMÉSTICOS E COMERCIAL: Consumo Bloque Único</i>	<i>0,1640 €/m³</i>
<i>INDUSTRIAL / OBRAS: Consumo Bloque Único</i>	<i>0,2461 €/m³</i>

A efectos da tarifa, consideraranse abonados domésticos, comerciais ou industriais, os así definidos na Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter no tributario de Auga e no Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento.

No caso de que a través de un único contador se subministre auga a varias vivendas ou locais multiplicarase a cota polo número de vivendas ou locais abastecidos.

TARIFA 2.- Depuración e sumidoiro

Para aqueles abonados o servizo de saneamento, que non sexan abonados o servizo de abastecemento de auga e que vertan a rede pública de saneamento, sen contador de medida, a tarifa aplicar será:

<i>ABONADOS DOMÉSTICOS E COMERCIAIS</i>	<i>3,56€ / bimestre</i>
<i>ABONADOS INDUSTRIAIS</i>	<i>7,38€ / bimestre</i>

Consideraranse abonados domésticos e non domésticos, os que vertan augas residuais a rede pública de saneamento, segundo a clasificación do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento

Ás tarifas sinaladas engadiráselle o IVE o tipo que corresponda.

ARTIGO 5.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

Están exentos os cambios de titularidade a favor do cónxuxe ou parentes ata o terceiro

grao, motivados polo falecemento do titular. Así mesmo estarán exentos os cambios de titularidade entre cónxuxes motivados por separación legal

ARTIGO 6.- DEVINDICACIÓN

Devéñase e nace obriga de pagar cando se inicie a actividade municipal, entendéndose a mesma iniciada conforme as seguintes regras:

- a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a solicitara expresamente.*
- b) Dende que teña lugar a efectiva acometida a rede de sumidoiros municipal. O devedor neste caso producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza de acometida, e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.*
- c) Entenderase producido a devindicación, en todo caso, dende que se produza a alta no servizo de auga.*

ARTIGO 7.- LIQUIDACIÓN E INGRESO

As tarifas terán:

No suposto da tarifa 1ª, con carácter periódico, e liquidaranse por bimestres naturais unha vez incluídos os usuarios nas matrículas da mesma.

No suposto da tarifa 2ª, con carácter individual, liquidándose por acto ou servizo prestado mediante ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Para todo o non establecido nesta Ordenanza, terase en conta o estipulado no regulamento do servizo aprobado polo Concello Pleno.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

O importe da prestación patrimonial de carácter público no tributario pola rede de sumidoiros e depuración, actualizaráse cada ano dacordo co Índice de Precios ao Consumo.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal reguladora da Tasa de rede de sumidoiros e depuración quedará automaticamente derogada unha vez entre en vigor a prestación patrimonial de carácter público no tributario pola rede de sumidoiros e depuración.

A presente Ordenanza prestación patrimonial de carácter público no tributario pola rede de sumidoiros e depuración entrará en vigor a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Segundo.- *Aprobar la Ordenanza no fiscal reguladora de la prestación patrimonial de carácter no tributario por el abastecimiento de agua.*

**ORDENANZA NO FISCAL REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER
NO TRIBUTARIO POLO ABASTECIMENTO DE AUGA**

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 2 do Texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, este Concello establece a contraprestación económica relativa a prestacións patrimoniais de carácter público no tributario pola prestación do servizo de abastecemento de auga do Concello de Monforte de Lemos.

Esta Ordenanza se aplicará a os servizos de abastecemento de auga do Concello de Monforte de Lemos.

ARTIGO 2º.- PERSOAS OBLIGADAS AO PAGO.

Están obrigados ó pago desta prestación patrimonial de carácter público no tributario quen se beneficien dos servizos ou actividades, prestados ou realizados por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3º.- IMPORTE DA PRESTACIÓN. TARIFAS

A contía regulada nesta Ordenanza está fixado na tarifa seguinte:

A. Usos domésticos

<i>A.1.- Consumos entre 0 e 10 m³ ó bimestre, mínimo tarifado</i>	<i>o m³ a 0,2050 €</i>
<i>A.2.- Consumos entre 11 e 25 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 0,3281 €</i>
<i>A.3.- Consumos entre 26 e 50 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 0,5742 €</i>
<i>A.4.- Consumos de máis de 50 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 0,8203 €</i>

B. Usos industriais

<i>B.1.- Consumos entre 0 e 10 m³ ó bimestre, mínimo tarifado</i>	<i>o m³ a 0,1640 €</i>
<i>B.2.-Consumos entre 11 e 80 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 0,3691 €</i>
<i>B.3.- Consumo entre 81 e 150 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 0,9023 €</i>
<i>B.4.- Consumos entre 151 e 300 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 1,2305 €</i>
<i>B.5.- Consumos de máis de 300 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 1,9278 €</i>

C. Usos especiais

Os consumos que efectúen os Centros de Ensinanza Oficial, Centros de Ensinanza Privada Concertados, Hospital Comarcal e industriais establecidas no Polígono do Reboredo, pagarán os metros cúbicos que consuman bimestralmente ó prezo de 0,4103 € / m³

D. Cota Xeral

Todos os aboados pagarán, con independencia do consumo, a cantidade de: 2,03 € / bimestre

Os aboados que figuren no apartado H), tarifa especial, non aboarán cota xeral.

E. Aboados sen contador ou con contador avariado

Para os aboados de usos domésticos, ó bimestre: 123,05 €

Para os aboados de usos industriais e especiais pagarán ó bimestre: 615,26 €

F. Por entronques e acometidas á rede municipal

Por cada vivenda: 24,59 €

Por cada local de negocio: 32,81 €

G. Altas no servizo

Por cada alta que se formalice, pagarase a cantidade de: 8,20€

Por depósito, para responder de impagados, soamente para aboados que non sexan propietarios da vivenda ou local de negocio: 49,22 €

H. Tarifa especial

Os beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para gozar desta tarifa o interesado deberá solicitala previamente, acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello.

Quedarán sen efecto cando desaparezan as circunstancias persoais que a motivaron.

Pagarán, nos usos domésticos, nos consumos entre 0 e 10 m³, ó bimestre, mínimo tarifado, o m³ a 0,0492 €. Considérase consumo mínimo a cota xeral para todos os aboados e consumo entre 0 e 10 metros cúbicos.

As facturacións bimestrais nos usos domésticos, industriais e tarifa especial efectuaranse aplicando ó consumo de cada tramo o importe do metro cúbico consignado para o mesmo.

ARTIGO 4º.- DEVINDIACIÓN

- 1. A obriga de pago nace dende que se inicie a prestación do servizo e a súa facturación e o cobro realizarase con periodicidade bimestral.*
- 2. O pago efectuarase no momento que o Concello sinale o prazo de cobranza polos medios que considere máis oportunos.*
- 3. As débedas por esta taxa poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremio, de acordo có Regulamento Xeral de Recadación.*

ARTIGO 5º.- ALTA NO SERVIZO

Non se concederá alta no servizo a aboados que se trasladen de domicilio e non estean ó corrente no pago da auga que consumiran no domicilio anterior.

ARTIGO 6º.- COBRO

- 1. O cobro farase mediante domiciliación en entidades bancarias, debendo os obrigados ao pago domiciliar o pago do seus recibos nas mesmas, sen prexuízo de que o Concello estableza outra modalidade.*
- 2. Transcorridos os prazos que estableza o Concello para o pago dos recibos, este poderá suspender o abastecemento da auga ó aboado que non aboara aos mesmos e retirarlle definitivamente o servizo, dándoo de baixa no mesmo por falta de pago.*
- 3. No caso de traslado de domicilio dun aboado este seguirá sendo responsable do importe facturado polo consumo de auga na vivenda que deixou, se non se deu de baixa no servizo coa antelación suficiente.*

ARTIGO 7º.- TOMAS DE AUGA

- 1. Cada toma de auga ou acometida servirá soamente para a finca que foi solicitada, sen que se permita esténdela a varias, aínda cando estivesen contiguas, pertencentes ó mesmo propietario.*
- 2. Se por venta ou outras causas se dividise a propiedade, os novos propietarios están obrigados a efectuar unha toma de auga independente para cada un.*
- 3. As instalacións interiores das fincas efectuaranse por un instalador debidamente autorizado pola Consellería de Industria, debendo presentar no momento de formalizar o contrato de alta no servizo o boletín de instalacións de auga correspondente.*
- 4. O Concello poderá esixir a colocación do contador da auga nun lugar visible e debidamente acondicionado.*

ARTIGO 8º.- DEBERES DOS ABOADOS

- 1. O propietario da finca ou o aboado ó servizo de auga será responsable do coidado e conservación das chaves de paso exteriores e interiores e moi especialmente dos contadores de auga.*

Comprobada a negligencia no cumprimento destas normas o Concello poderá suspender o abastecemento de auga en tanto non se efectúen as correspondentes rectificacións.

- 2. Todo aboado ao servizo queda obrigado a permitir que, en calquera hora hábil do día, sexa inspeccionada a súa instalación polos empregados municipais encargados deste servizo, sen que poida opoñer ningún obstáculo a cantas comprobacións se realicen.*

A negativa dos aboados a permitir estas comprobacións será motivo suficiente para retirarlle o subministro da auga e causar baixa no servizo, sen ter dereito a reclamación algunha.

- 3. O Concello reservarase a facultade de non autorizar e efectuar a conexión no servizo a aquelas instalacións que, a xuízo dos responsábeis do servizo, non reúnan as condicións regulamentarias.*
- 4. O Concello reservase o dereito de comprobar, cando o estime conveniente ou considere necesario, o funcionamento de todo aparello contador cuxo funcionamento se estimase dubidoso.*

ARTIGO 9º.- CONEXIÓNS Á REDE

1. *As conexións dos contadores de auga as efectuaraas ó persoal do servizo.*
2. *Os precintos colocados nos contadores da auga non poderán ser alterados baixo ningún pretexto polos aboados; de observarse algunha alteración nos mesmos considerarase responsable ó aboadado, podendo o Concello, neste caso, suspender o subministro de auga, dando de baixa ao aboadado responsable da alteración no precinto.*
3. *No suposto da paralización dun contador ou o mesmo estea nun estado que non poida comprobarse a medición rexistrada, a liquidación polo abastecemento efectuarase de acordo cós importes consignados no apartado E), de aboados sen contador ou con contador avariado.*
4. *Ninguén poderá utilizar a auga sen antes facer subscrito o correspondente contrato de aboadado ó servizo. Estas infraccións serán cualificadas e sancionadas conforme ó previsto na lexislación vixente*

ARTIGO 10º.- INTERRUPCIÓNS DO SERVIZO

1. *O Concello non se fará responsable das interrupcións involuntarias no servizo de abastecemento de auga, ou cando fose necesario suspender ó mesmo por causa de execución de obras ou reparacións na rede xeral de distribución, podendo, por estes motivos, cortar o abastecemento ós aboados sen que estes teñan dereito a reclamación algunha por estes feitos.*
2. *Os aboados non terán dereito a indemnización algunha cando se interrompa o servizo como consecuencia da escaseza no abastecemento, por motivo de seca ou calquera outra causa de forza maior.*
3. *Na época de estío, en que puidera ser necesaria a restrición no consumo, efectuarase esta restrición polos aboados con uso industrial.*

ARTIGO 11º.- COIDADADO DAS INSTALACIÓNS

Os danos e prexuízos que se ocasionen a terceiros por culpa dos aboados, xa sexa por negligencia ou abandono do coidado que deba ter a instalación da auga, será por conta dos mesmos.

ARTIGO 12º.- LECTURA DE CONTADORES

1. *O Concello poderá implantar a lectura anual dos contadores, por necesidades do servizo, mediante acordo do órgano competente de Goberno.*
2. *As liquidacións ou facturacións das diferenzas resultantes sobre os mínimos previstos na Ordenanza, ou das facturacións medias de consumos anteriores, efectuaranse aos aboados correspondentes nos recibos dos tres bimestres seguintes á aprobación da implantación desta modalidade.*

ARTIGO 13º.- IMPAGOS

No caso de impago por parte dos aboados ó servizo que non sexan propietarios das vivendas, locais de negocio ou industriais, das facturacións practicadas, será responsable en todo caso, o propietario do negocio ou industria, non podendo formalizarse novo contrato de abono ó servizo para ditas vivendas, locais de negocio ou industrias, sen antes aboar a totalidade das liquidacións pendentes de pago.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O importe da prestación patrimonial de carácter público no tributario polo abastecemento de auga, actualizaráse cada ano dacordo co Índice de Precios ao Consumo.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal reguladora da Tasa de abastecemento de auga quedará automáticamente derogada unha vez entre en vigor a prestación patrimonial de carácter público no tributario polo abastecemento de auga.

A presente Ordenanza prestación patrimonial de carácter público no tributario polo abastecemento de auga entrará en vigor a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Tercero.- *La notificación a los interesados a los efectos oportunos.*

Cuarto.- *La publicación en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Gloria M^a Prada dando lectura á proposta é consecuencia dunha serie de modificacións legais, debendo prestacións patrimoniais de carácter público no tributario, sendo agora tarifa.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e tres abstencións dos concelleiros do Grupo municipal do Partido Popular.

6º.- APROBACIÓN DA ORDENANZA NON FISCAL REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL POLO PREZO PÚBLICO POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLA GARDERÍA MUNICIPAL.

O ditame é favorable á proposta con cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

Acta do Pleno ordinario de 29.01.2024

“PROPOSTA AO PLENO

Visto el Informe de la Directora del Centro de Información a la Mujer y el informe de la técnica de rentas y la Tesorera.

Visto que el Ayuntamiento de Monforte de Lemos la gestión del servicio de escuela infantil se presta de forma indirecta, mediante concesión administrativa, según el Contrato de concesión del servicio de fecha 06.02.2001.

Visto que el Ayuntamiento de Monforte de Lemos dispone de la Ordenanza Fiscal reguladora del precio público por los servicios prestados por la Guardería Municipal.

Mediante la ley 9/2017, de 8 de noviembre y más concretamente mediante las disposiciones finales undécima, duodécima y novena se modifican respectivamente la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo y la Ley 8/1989, de 13 de abril, del régimen jurídico de las tasas y los precios públicos; se establece

“Disposición final novena. Modificación de la Ley 8/1989, de 13 de abril, del régimen jurídico de las tasas y los precios públicos.

Se añade una nueva letra c) al artículo 2 de la Ley 8/1989, de 13 de abril, del régimen jurídico de las tasas y los precios públicos, con la siguiente redacción:

*«c) Las **tarifas que abonen los usuarios** por la utilización de la obra o por la prestación del servicio a los concesionarios de obras y de servicios conforme a la legislación de contratos del sector público, que son **prestaciones patrimoniales de carácter público no tributarias**.»*

Disposición final undécima. Modificación de la Disposición adicional primera de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria.

La Disposición adicional primera de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, queda redactada en los siguientes términos:

«Disposición adicional primera. Prestaciones patrimoniales de carácter público.

- 1. Son prestaciones patrimoniales de carácter público aquellas a las que se refiere el artículo 31.3 de la Constitución que se exigen con carácter coactivo.*
- 2. Las prestaciones patrimoniales de carácter público citadas en el apartado anterior podrán tener carácter tributario o no tributario.*

Tendrán la consideración de tributarias las prestaciones mencionadas en el apartado 1 que tengan la consideración de tasas, contribuciones especiales e impuestos a las que se refiere el artículo 2 de esta Ley.

Serán prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario las demás prestaciones que exigidas coactivamente respondan a fines de interés general.

En particular, se considerarán prestaciones patrimoniales de carácter público no tributarias aquellas que teniendo tal consideración se exijan por prestación de un servicio gestionado de forma directa mediante personificación privada o mediante gestión indirecta.

En concreto, tendrán tal consideración aquellas exigidas por la explotación de obras o la prestación de servicios, en régimen de concesión o sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariales, sociedades de capital íntegramente público y demás fórmulas de Derecho privado.»

Disposición final duodécima. Modificación del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Se modifica el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, añadiéndose un nuevo apartado 6 al artículo 20, en los siguientes términos:

«6. Las contraprestaciones económicas establecidas coactivamente que se perciban por la prestación de los servicios públicos a que se refiere el apartado 4 de este artículo, **realizada de forma directa mediante personificación privada o mediante gestión indirecta, tendrán la condición de prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario conforme a lo previsto en el artículo 31.3 de la Constitución.**

En concreto, tendrán tal consideración aquellas exigidas por la explotación de obras o la prestación de servicios, en régimen de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariales, sociedades de capital íntegramente público y demás fórmulas de Derecho privado.

Sin perjuicio de lo establecido en el artículo 103 de la Ley de Contratos del Sector Público, las contraprestaciones económicas a que se refiere este apartado se regularán mediante ordenanza. Durante el procedimiento de aprobación de

dicha ordenanza las entidades locales solicitarán informe preceptivo de aquellas Administraciones Públicas a las que el ordenamiento jurídico les atribuyera alguna facultad de intervención sobre las mismas.»

De tal manera que con las modificaciones introducidas por la Ley 9/2017, se aclara la naturaleza jurídica de las tarifas que abonan los usuarios por la percepción de los servicios públicos, en función de la forma de gestión del servicio.

De acuerdo a lo señalado, el precio público por el servicio prestado por la guardería municipal al estar gestionadas de forma indirecta mediante concesión no tendrían naturaleza tributaria de Tasa, y serían ingresos privados de naturaleza no tributaria.

De acuerdo con lo anterior, se propone al Pleno de la Corporación:

-Primero.- Aprobar la Ordenanza no fiscal reguladora de la prestación patrimonial de carácter no tributario por los servicios prestados por la Escuela Infantil Municipal.

ORDENANZA NO FISCAL REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NO TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

ARTIGO -1- OBXECTO

O amparo do previsto no artigo 2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais Concello de Monforte de Lemos, establece a prestación patrimonial de carácter no tributario pola prestación do servizo de escola infantil municipal.

ARTIGO -2- OBRIGACIÓN DO PAGO

A obriga do pago nace coa estancia ou asistencia dos usuarios dos servizos da escola infantil municipal do Concello de Monforte de Lemos.

ARTIGO -3- OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pago as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria , que soliciten o servizo para as persoas beneficiarias do mesmo.

ARTIGO -4- BENEFICIOS

a) Ao neno ou nena para o que se solicitou a praza na Escola Infantil Municipal aplicaráselle o 100% de bonificación das cantidades correspondentes a cota de matrícula e a atención

educativa segundo o establecido na disposición adicional novena de la Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia mentres a mesma estea en vigor.

b) As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.

c) Estes cambios se adaptarán a calquera variación normativa.

ARTIGO -5- IMPORTE DA PRESTACIÓN. TARIFAS.

1.-PREZO DA ATENCIÓN EDUCATIVA

O prezo por asistencia fíxase en 169,26 € mensuais

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as seguintes reducións:

- a) Rendas inferiores ao 30% do IPREM 0,00 €*
- b) Rendas comprendidas entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM 0,00 €*
- c) Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM 34,91 €*
- d) Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM 69,81 €*
- e) Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM 112,13 €*
- f) Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM 133,29 €*
- g) Rendas comprendidas entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM 147,05 €*
- h) Rendas superiores ao 200% do IPREM 169,26 €*

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

2.- PREZOS POR SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Servizo de comedor fíxase en 74,05 € mensuais

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse ás seguintes

reducións:

- a) Rendas inferiores ao 30% do IPREM 0,00 €*
- b) Rendas comprendidas entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM 17,45 €*
- c) Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM 17,45 €*
- d) Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM 26,45 €*
- e) Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM 37,02 €*
- f) Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM 52,89€*
- g) Rendas comprendidas entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM 63,47 €*
- h) Rendas superiores ao 200% do IPREM 74,05 €*

3. SERVIZO DE COMEDOR – COTA ALMORZO

A cota de almuerzo fíxase en 25,50 € mensuais

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse ás seguintes reducións:

- a) Rendas inferiores ao 30% do IPREM 0,00 €*
- b) Rendas comprendidas entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM 6,01 €*

- c) Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM 6,01 €*
- d) Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM 9,11 €*
- e) Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM 12,75 €*
- f) Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM 18,21 €*
- g) Rendas comprendidas entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM 21,86 €*
- h) Rendas superiores ao 200% do IPREM 25,50 €*

4. SERVIZO DE COMEDOR – COTA MERENDA

A cota de merenda fíxase en 25,50 € mensuais

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse ás seguintes reducións:

Rendas inferiores ao 30% do IPREM 0,00 €

Rendas comprendidas entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM 6,01 €

Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM 6,01 €

Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM 9,11 €

Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM 12,75 €

Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM 18,21 €

Rendas comprendidas entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM 21,86 €

Rendas superiores ao 200% do IPREM 25,50 €

Aos efectos de determinar o cálculo da renda per cápita mensual da unidade familiar estarase ao disposto as regras e definicións establecidas pola normativa vixente.

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicalo disposto nos puntos 1 e 2 anteriores, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20%

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais desconto dun 20%

Entenderase por familia numerosa ou familia monoparental aquela que reúna as condicións e requisitos que determine a normativa vixente para cada unha delas.

Para a aplicación dos descontos terase en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data de devindicación da declaración do IRPF.

No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4,23 € / día.

O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

5. COTA MATRÍCULA

Cota Matrícula: 77,38 €

6. HORARIO AMPLIADO

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario de atención educativa ao adxudicado ao usuario/a será de 21,16€.

O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.) o neno/a ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, a cota que corresponda pagar por dito mes terá un desconto do 50 por cento.

ARTIGO -6- RÉXIMEN DE DECLARACIÓN E INGRESO

1. O prezo por matrícula esixirá en réxime de autoliquidación.

2. Cando se presente a solicitude de inscrición para a utilización do servizo de escola infantil municipal, se presentará debidamente cumprimentado o impreso de autoliquidación do prezo. A presentación do impreso levarase a cabo no lugar fixado polo adxudicatario do servizo.

3. Expedirase un abonarei o interesado, ó obxecto de que poida satisfacer a cota no termo de tres días, nos lugares de pago que se determinen no propio abonarei.

4. As cotas mensuais se ingresarán , tras o envío o domicilio do contribuínte do correspondente abonarei en conta ou contas que determine o adxudicatario do servizo nos prazos sinalados polo mesmo.

5. O obrigado ao pago poderá solicitar a domiciliación do pago do prezo; nestes casos ordearase o cargo en conta bancaria durante os últimos vinte días do período voluntario de pago.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal reguladora Do Prezo Público polos servizos prestados na Gardería municipal quedará automaticamente derogada unha vez entre en vigor a prestación patrimonial de carácter público no tributario polos servizos prestados pola Escola Infantil.

A presente Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público no tributario polos servizos prestados pola Escola Infantil, entrará en vigor a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

-Segundo.- *La notificación a los interesados a los efectos oportunos.*

-Terceiro.- *La publicación en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo.”*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Gloria M^a Prada dando lectura á proposta é consecuencia dunha serie de modificacións legais, cambio de denominación e a media xornada, debendo prestacións patrimoniais de carácter público no tributario, pasou de chamarse gardería municipal a escola municipal, e tamén pasaron o termo de familia monoparental por familia numerosa, por outra banda, no tema das exencións, no apartado c) que estes cambios optaran a calquera cambio que adopte a Xunta de Galicia.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e tres abstencións dos concelleiros do Grupo municipal do Partido Popular.

7º.- BONIFICACIÓN DO 30% NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS INSTALACIÓNS E OBRAS, POLAS OBRAS DE REHABILITACIÓN REALIZADAS DENTRO DA DELIMITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO ARTÍSTICO DE MONFORTE DE LEMOS, SOLICITADA POR D. RAÚL DÍAZ CASTRO.

O ditame é favorable á proposta con sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, e dúas abstencións do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

“Vista solicitude presentada en data 30.12.2022 (2022/21599) por Raúl Rodríguez Castro,34236417C, na que solicita lle sexa aplicada na cota do imposto a bonificación do 30% recollida no artigo 7 a) da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Visto informe de data de asina do documento electrónico por a Tesoureira Municipal e a Técnica de Rendas.

Logo de comprobar o artigo 7.a) da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras “30% na cota de imposto polas obras de rehabilitación realizadas dentro da actual delimitación de Conxunto Histórico Artístico de Monforte de Lemos”.

O recoñecemento das bonificacións aludidas corresponderá ao Pleno por voto da maioría simple dos seus membros sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo normativa vixente.

Logo de comprobar o artigo 22.2.da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

*Vistos os datos expostos, **PROPONSE** ao Pleno Municipal adoptar o seguinte **ACORDO**:*

DECLARAR a concesión dunha bonificación do 30 % do imposto sobre construcións, instalacións e obras recollida no artigo 7 a) da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Gloria M^a Prada tratase dunha bonificación que se vai realizar no 30% na rehabilitación dun edificio no caso histórico segundo recolle a ordenanza.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

8º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE OBRAS DE REXENERACIÓN DO FIRME DA RÚA SANTIAGO.

O ditame é favorable á proposta con cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcribe a proposta da Alcaldía:

Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:

“Feitos

1º.- O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de outubro de 2023, adoptou o acordo de aprobación do “Plan de obras e rexeneración de firme da rúa Santiago” elaborado polo arquitecto, don Ramón Carlos Fernández Losada.

2º.- A aprobación de dito Plan ten como consecuencia a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación de bens, ao amparo do establecido nos artigos 10 e 17 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (en adiante LEF).

3º.- Devandito acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de data 18 de novembro de 2023, ao obxecto de proceder á información pública para que os/as interesados/as no expediente poidesen presentar as alegacións que estimasen como convenientes.

4º.- Durante o prazo de exposición pública foron presentadas dúas alegacións:

- alegación presentada por don Alfredo Álvarez Vázquez*
- alegación conxunta de don Juan Carlos López Valcarcel e don Juan Rodríguez Arias*

5º.- A alegación de don Alfredo Álvarez Vázquez baséase, fundamentalmente, en que o Plan de obras e rexeneración do firme da rúa Santiago supón a invasión da parcela de referencia catastral 1491039PH20019S000EBD e que, de seguirse adiante co citado Plan, supoñería a expropiación da parcela referenciada no seu lindeiro sueste. Manifesta que, a pesar de que o

peche da leira non abarca toda a súa extensión, quedan sen achegar parte do terreo que vai formar parte do ámbito do Plan de obras. Conclúe mostrando o seu interese en que se mellore o acceso á rúa Santiago e solicita ser indemnizado co correspondente prezo xusto por mor da expropiación.

6º.- A alegación conxunta de don Juan Carlos López Valcarcel e don Juan Rodríguez Arias baséase, por unha banda en que non é certo que a rúa Santiago forme parte do viario municipal e, por outra, alega que os terrenos incluídos na planimetría, que figura no expediente, son de propiedade privada, aportando diversa documentación que, ao seu xuízo, fundamenta tal afirmación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- A Lei do 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, no seu Título II no que se regula o Procedemento xeral expropiatorio, en concreto no seu Capítulo I, establece os requisitos previos á expropiación forzosa.

Dispón. no art. 9, que “para proceder á expropiación forzosa será indispensable a previa declaración de utilidade pública ou interese social do fin a que haxa de afectarse o obxecto expropiado”.

Non obstante o art. 10 do citado corpo legal establece que “a utilidade pública enténdese implícita, en relación coa expropiación de inmobles, en todos os plans de obras e servizos do Estado, Provincia e Municipio”.

O acordo adoptado polo Pleno do Concello de Monforte de Lemos, non fai declaración algunha sobre a titularidade dos bens aos que afecta o Plan de obras, senón que se está no trámite previo do expediente expropiatorio que, no seu caso, haxa de ser tramitado e no que se determinará que bens, que non sexan de titularidade municipal, terán que ser obxecto de expropiación.

SEGUNDA.- No sentido sinalado no punto anterior, é meridianamente claro o disposto no Capítulo II da LEF que, ao regular a necesidade de ocupación de bens ou de adquisición de dereitos, no art. 15, dispón que “declarada a utilidade pública ou o interese social, a administración resolverá sobre a necesidade concreta de ocupar os bens ou adquirir os dereitos que sexan estritamente indispensables para o fin da expropiación.

TERCEIRA.- En consecuencia co exposto será no momento de establecer a relación de propietarios afectados pola necesidade de ocupación, cando sexa obxecto de análise a titularidade, pública ou privada, dos bens afectados polo Plan e, unha vez realizado devandito análise, se as fincas as que fan referencia os alegantes, don Alfredo Álvarez Vázquez, Juan Carlos López Valcarcel e don Juan Rodríguez Arias resultan, como eles manifestan, de titularidade privada, haberá de iniciarse o oportuno expediente expropiatorio

no cal, como non podería ser doutra forma, se fixará o prezo xusto e, posteriormente, procederáse ao pago ou consignación do mesmo, todo elo dacordo co disposto nos arts. 24 a 53 da LEF.

CUARTA.- Polo que se refire á alegación de don Juan Carlos López Valcarcel e don Juan Rodríguez Arias de que a rúa Santiago non forma parte do viario municipal, sinalar que nas Normas subsidiarias e complementarias do planeamento de Monforte de Lemos así como na planimetría catastral, a rúa Santiago figura como vía pública, independentemente de que, na execución das obras obxeto do Plan, poidan verse afectados bens e dereitos de titularidade privada, que serán determinados no momento de tramitación do expediente expropiatorio, no trámite de declaración de bens e dereitos afectados, cando se determine os bens de titularidade privada que, no seu caso, é preciso expropiar.

Polo anteriormente exposto procede, a xuízo do que suscribe, que polo Pleno do Concello de Monforte de Lemos se adopten os seguintes acordos:

1º.- Desestimar a alegación presentada por don Alfredo Álvarez Vázquez en relación ao Plan de obras e rexeneración de firme da rúa Santiago.

2º.- Desestimar la alegación, conxunta, presentada por don Juan Carlos López Valcarcel e don Juan Rodríguez Arias, en relación ao Plan de obras e rexeneración de firme da rúa Santiago.

3º.- Aprobar, definitivamente, o Plan de obras e rexeneración de firme da rúa Santiago, continuando o expediente expropiatorio.

É canto procede informar”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Desestimar a alegación presentada por don Alfredo Álvarez Vázquez en relación ao Plan de obras e rexeneración de firme da rúa Santiago.

2º.- Desestimar la alegación, conxunta, presentada por don Juan Carlos López Valcarcel e don Juan Rodríguez Arias, en relación ao Plan de obras e rexeneración de firme da rúa Santiago.

3º.- Aprobar, definitivamente, o Plan de obras e rexeneración de firme da rúa Santiago, continuando o expediente expropiatorio.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que este punto se debaterá co punto número 11 moción do Partido Popular.

Intervén D. Ibán Torres dando lectura á proposta.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que eles xa toruxeron no pleno de outubro que se retomara o proxecto, independentemente das alegacións, non van valorar se están na razón, entenden que parte das fincas se lle van a pagar, haberá veciños que estean de acordo que queiran que se faga este proxecto. Di que eles queren que se faga a rexeneron da rúa Santiago que se lle dea unha saída á rúa Martínez Andrade. Entenden que este proxecto de máis custo que o presentan, ao mellor en vez de facelo nunha anualidade que o fagan en dous ou tres. O que eles defenden apoiar que se rexenere o firme desa mesma rúa, que intenten facelo coa saída á outra rúa.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que queda claro que son propiedades privadas, se pedía rexenerar ese firme, ten máis sentido que se saída para rúa Martínez Andrade. Di que sería moi bo ten un PXOM, andar rexeneración rúas, ao mellor habería que facer un plan parcial, gustaríalle o porque de rexenerar esa rúa Santiago.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que como xa expresaron no pleno de outubro non entenden a teima de querer asfaltar un camiño que é privado, porque a documentación que se lle pasa, é un paso de servidume. Polo tanto cren que non se debe, o que se trata é de rexenerar o pavimento, e antes de invertir nun proxecto de rexeneración saber os pasos a seguir son eses, estase a falar de cousas contraditorias, no punto 6 do proxecto cumprimento da normativa urbanística, polo tanto, non se vai a modificar a normativa urbanística, que pasa que si agora aparte do camiño a saída á rúa Chantada, e un paso de servidume e que se quere actuar sobre iso, entenden que é un vial novo. Hai que facer un tramo novo e habería que facer algo en xeito, esas fincas pasarían de rústicas a urbanizables. E probable que agora os propietarios acaben pola vía xudicial, o máis práctico sería falar cos propietarios ou chegar a un acordo previo. Se se quere facer o que pide o Partido Popular, o espírito da iniciativa o poden compartir, habería que facelo ben feito. Polo tanto hai que falalo claro, van votar en contra da proposta que traen aquí.

Intervén D. Ibán Torres di que con respecto da proposta que trae o Sr. José Luis, existe definido polas normas é un camiño público que necesita unha urxente reparación.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que eles están de acordo en que se prepare e que se retome o proxecto e que se faga doutro xeito.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que presentaron unhas alegacións con informes periciais, con fotos, o certo é que como mínimo hai que dar por sentado que iso é privado, non sabe se remataran no Xulgado.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que a proposta do Partido Popular a van apoiar polo espírito, botan en falta de que aparece esa proposta dun plan sectorial, no tocante ao acordo do Concello non poden votar a favor porque non o entenden, el ten que dicir os propietarios que alegan neste informe, incluso lle chegaron a trasladar que no seu día pedirán permisos, sen contestación, e con respecto ao camiño se se fixan vostedes na metade do camiño, teñen a entrada cara o sur, polo tanto dase a entender que é privado, saben que no catastro aparece como camiño público. Gustaríalle que chegasen a un acordo cos veciños.

Intervén o Sr. Alcalde di que eles están na defensa do interese público. Igual que arranxar calquera outra camiño queren arranxar ese. Non se vai ocupar ningún terreo que non sexa público, porque non se trata de urbanizar. O que hai que arranxar é o firme, as veces don Germán fai afirmacións, non hai ningún documento notarial, documentos privados. E logo fala de que na rúa Martínez Andrade hai un proxecto, non hai un proxecto vostede refírese ás Normas subsidiarias de Planeamento, son fincas rústicas non se pode construír, agora mesmo non se poden abrir unha rúa pública. Na rúa Santiago hai un camiño en toda a superficie, iso amosa que é un camiño de fai moito tempo, esa zona é unha zona rústica e non se pode construír, si que se falou cos propietarios moitas veces, o que non pode ser que alguén utilice algo de carácter privativo algo que é público.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

9º.- CONSULTA PÚBLICA SOBRE A MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

O ditame é favorable á proposta con cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

“Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:

PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias “as potestades regulamentarias e de autoorganización” no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un

Acta do Pleno ordinario de 29.01.2024

recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.

QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que "na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis". Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao circulo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.

SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.

SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).

OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.

O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

- a. Consulta pública previa.*

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normasse substanciará unha consulta pública previa.

- b. Informes previos.*

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en

todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

c. Aprobación inicial polo Pleno.

Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

d. Información pública e audiencia dos interesados.

O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

e. Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).

Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.

Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que “no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional”.

f. Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que “os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2”

g. Entrada en vigor.

Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requerimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).

NOVENO.- A consulta pública previa ten que ser realizada mediante inserción no Taboleiro de Anuncios da páxina Web do Concello de Monforte de Lemos.

DÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.

UNDÉCIMO.- O procedemento para a modificación da ordenanza esixe, para a súa aprobación, a mesma maioría e procedemento que para a aprobación da ordenanza actualmente en vigor.

Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de consulta pública previa á modificación do Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Municipal.

É canto procede informar”.

Existe regulación actual, no Concello de Monforte de Lemos, da escola infantil municipal, pero estímase que, para profundizar na mellora das súas condicións, é preciso a súa modificación para a adaptación a norma da Xunta de Galicia.

Por elo, existindo norma de carácter xeral que regula a materia, considérase suficiente para o obxectivo que se quere acadar, unha mera modificación da ordenanza existente, cuxa aplicación non está a causar ningún problema, pero que verase complementada e mellorada coas medidas que se pretenden implantar.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se substanciará unha consulta pública.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propónse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Realizar a consulta previa en relación á modificación do REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

2º.- Fixar o prazo de dita consulta en 15 días naturais, contados dende a data de inserción da mesma na páxina web do Concello de Monforte de Lemos, sendo con carácter xeral os destinatarios da consulta pública os cidadáns afectados, en concreto as persoas físicas empadroadas en Monforte de Lemos, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

3º.- A consulta faise coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que deberán poñerse á súa disposición os documentos necesarios, que serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

4º.- Aprobar o contido da consulta pública previa segundo o anexo que se achega.

Acta do Pleno ordinario de 29.01.2024

5º.- Ordenar a súa publicación no portal web do Concello de Monforte de Lemos.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Margarita Rodríguez dando lectura á proposta da Alcaldía.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO- ESPERTA MONFORTE! SOBRE A SANIDADE PÚBLICA.

O ditame é favorable á proposta con dous votos a favor do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, e que se someta a decisión plenaria

O Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto retira a moción ao ser proposta pola Plataforma Pladesaplu.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE SOLICITUDE DE QUE SE RETOME O PROXECTO DE PLAN DE OBRAS E REXENERACIÓN DE FIRME DA RÚA SANTIAGO.

O ditame é favorable á proposta con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, do concelleiro do grupo municipal de Esperta Monforte-Grupo Mixto e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria

Este punto debatiuse conxuntamente co punto número 9.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

12º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA IMPULSAR UN PLAN DE MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NO ENTORNO DOS CENTROS EDUCATIVOS.

O ditame é favorable á proposta con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, do concelleiro do grupo municipal de Esperta Monforte-Grupo Mixto e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“ Que se elabore un plan de mellora da seguridade viaria na contorna dos centros educativos, comezando por unha xuntanza cos axentes implicados para coñecer con maior exactitude as inxerencias e poder levar a cabo este plan da mellor maneira posible”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura á moción.

Intervén D. Jaime Germán manifestando que a Policía xa terá un plan e o que quere o PP é melloralo. Di que hai que traballar arreo polo calmado do tráfico, xa que en Monforte se debería circular a 30. Di que se acaban de gastar 17.908 euros na oficina de planeamento na elaboración do plan de mobilidade, non sabe se ten que ver cos colexios, se se tivera a coméntalo, foi algo que lles pareceu moi positivo.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que na exposición di que agradece que ampliara a voceira un pouco máis, agradecen a exposición da voveira. Di que van votar a favor, dicindo que xa dende o BNG xa se trouxera unha iniciativa sobre un plan de seguridade viaria a nivel de Monforte, incluso regulación do tráfico nas rúas. Ten que dicir unha cousa, falagba vostede antes, d4e que era oportunidade política, oportunidade política é ter un represnetnate do Concello nun consello escolar e non aparecer en catro anos ou o que vai deste mandato, en breve apareceu nese centro. Cando no pleno de organización se lle concedeu recaiu nos membros da corporación unha representación en cada centro, resulta que o PP foi a catro centros escolares, Esperta Monforte a un, o BNG a un, senón se participa terá que saberse, non sabe se teñen vostede coñecemento que se cambiou a persoa no centro da Gándara, e agora cambiouse para outro, se un dos concelleiros non vai participar nese centro que o ceda a outro que esta sen participación e o fai de boa gana, cre que é de xustiza, xa o dixo aquí unha vez, cre que o que reclama, está dentro do certo, máis aló de que guste máis ou menos.

Intervén D. Ibán Torres di que á vista da moción, este Concello actúa, o Corpo da Policía Local actúa e cumpren coa súa obrigaición. En relación cos centros educativos sempre se da cobertura a todos os colexios, e sobre todo os que teñen transporte, fala de conductas incívicas dalgúns e outros cometen erros, cometen infraccións, a policía local leva o seu traballo nos centros educativos porque non coinciden os horarios, primeiro o Colexio Novo, logo ao Colexio da Gándara, por outra banda, tamén van ao río Cabe. Hai un total de 8 centros educativos o que é imposible cubrir para o número de efectivos que tivo este Concello, colexios houbo sempre e a policía local sabe onde é necesaria a súa presenza, a situación non é de agora . Ademáis os axentes non poden atender soamente esas incidencias, as patrullas teñen que estar en distintos puntos da cidade ao longo do día. Non consideran que sexa necesario que haxa que elaborar un plan de seguridade para Monforte. manifeta que non van apoiar a moción.

Intervén D^a Katherinie Varela agradece o tono de exposición do señor Torres dalle a razón de que non haxa efectivos para que estean na saída de todos os colexios. Si que é verdade que hai cousas que son mellorables. Di que lles alegra escoitar que hai determinados asuntos que están estudiando, igual habería que ter reunións cos representantes dos colexios, das ANPAS. Dille a D. Emilio sobre a oportunidade política, di que a eles lle asignaron catro concelleiros, cando presentaron o escrito que fose D. José Luis Rodríguez Varela, Victor non ten tempo nin disponibilidad para asistir, no anterior mandato si que é certo que non puideron asistir, di que non sabe si se pode que estea a mesma persoa en dous centros, si vostede está en contra tivo o momento cando presentaron o escrito.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que fala da seguridade vial dos centros educativos, di que el xa protestou no seu momento, non lles parece normal que unha persoa acumule dous postos.

Intervén D^a Katheirnie Varela di que a pesar de que recoñecen os avances de que poidan realizar, recoñecen en que hai cousas de mellora

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non traten de pasar ao equipo de goberno a súa responsabilidade, cada un ten a responsabilidade que ten, polo tanto renuncien aos cargos que asignan. Logo tamén hai que falar de que non se poden dicir cousas que non verdade, quén designan concelleiro e cada grupo, vostedes aquí dixeron que designaban, o grupo é que designan, asignanlle unha serie de sitios e logo cada grupo é responsable de quén designa.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

13^o.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONISTA GALEGO RELATIVA Á REPOSICIÓN DE TRENES NOCTURNOS CON MADRID, BARCELONA E IRÚN.

O ditame é favorable á proposta cun voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do grupo municipal de Esperta Monforte-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria

Transcríbese a proposta da moción:

“1. Que o Concello de Monforte inste ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sotenible, á reposición dos trens nocturnos, cumprindo así co compromiso asumido no 2021.

2. Comunicar ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible este acordo”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intevén D. Emilio José Sánchez dando lectura á moción.

Intervén D. Jaime Germán di que Monforte ten grandes problemas con liñas de frecuencia.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que están de acordo que se repoña o máis pronto posible este tren.

Intervén D. Ibán Torres di que non é necesario lembrar o que significa o tren na historia desta cidade. Gracias a esta alcaldía estanse facendo obras de gran relevancia na cidade, como a supresión de pasos a nivel, a remodelación da estación de trenes. Fala da concentración que se realizou na estación de trenes por parte do BNG, consideran que é unha opinión, retirar a moción e esperar ao compromiso do Ministerio, di que eles vanse abster.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que el ve a televisión de Galicia, fala vostede da rentabilidade, é dos poucos trenes que ían cheos de xente, ás veces cando se fala de servizos públicos, e non poden pensar na rendabilidade económica, están facendo servizos para as persoas, non vai retirar a moción, o que hai é que traballar cada un dende o seu posto.

Intervén D. Ibán Torres di que a rendabilidade dun servizo, non é un criterio determinante pero si a ter en conta, polo tanto non ciña as súas palabras so na rendabilidade, deixar unha cousa que nunca se invertiu tanto no ferrocarril na provincia de Lugo, como o están facendo agora, especialmente no que respecta a zona de Monforte de Lemos. Fala da situación de abandono que se atopaba a estación de Monforte.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que é certo que se está invertindo tamén hai que pensar que tamén hai que ver co acordo de goberno do Estado.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista.

14º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA Á RESERVA DE PRAZA DE CONSERXE DO PAVILLÓN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL.

O ditame é favorable á proposta con dous votos a favor do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do grupo municipal de Esperta Monforte-Grupo Mixto e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta a decisión plenaria

Transcríbese a proposta da moción:

“Que a praza de conserxe do pavillón municipal, se reserve para a contratación dunha persoa co discapacidade intelectual”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Manuel Luaces dando lectura á moción presentada.

Intervén Jaime Germán dicindo que se expón un grave problema, deben saber os monfortinos que antes custaba 2.156 e agora costa 4.500, antes a persoa que facía o mantemento do pavillón, agora se pagan 2.520 euros, non son as mesmas funcións e agora sumando a limpeza que antes non se facía, que por certo, que debería ser cousa da Consellería de Educación, porque a limpeza do pavillón do IES Río Cabe. Esperta Monforte quere a municipalizaicón ou remunicipalizqación deste servizo, e garda unha praza, a xente con discapacidade intelectual é unha das mellores traballos que mellor poden desenvolver, gustaríalle que dende o equipo de goberno tiveran a responsabilidade de facelo. Di que é certo que agora hai un pavillón máis grande, pero é certo que dende o concello poderían facer o esforzo par a que todas estas cousas que se piden as fagan, o outro é contratar empresas que teñen uns beneficios para as propias empresas. Di que non políticas progresistas, sen embargo, vostedes o único que fan que todas as actuacións dánllas a empresas privadas co incremento altísimo que ten, multiplícase o máis do dobre.

Intervén D^a Katherinie Varela di que o espírito da moción está ben, a inclusión é moi importante. Hai moito que mellorar, mellorouse moitísimo na inclusión. En canto ao acceso

ao emprego público, hai unha obrigación legal de reservar unha porcentaxe de prazas paraas persoas con discapacidade, deixar que unha praza en concreto sexa destinada a ocupar por un prazo con discapacidade.

Intervén D. Ibán Torres di que non van apoiar esta moción. Ata agora o pavillón estivo xestionado por un autónomo, que cesou a súa actividade por xubilación. Con respecto ao que di D^a Katherinie, esta moción e populista se sustenta e se basa na contestación dada polo alcalde no pleno de decembro. Se escoita o audio do pleno de decembro do 2023, a contratación do Sr. Alcalde dixo que van sacar a concurso a xestión do pavillón e a limpeza, entende que se debe a un erro. O autónomo que estivo contratado como unha empresa individual, o contrato foi exclusivamente administrativo, do que non había relación funcional nin laboral algunha. Non era a estricta labor dun conserxe, nin o seu contrato era para este menester. Di que a función dende o concello é velar porque a empresa adxudicataria preste un bo servizo. Non van apoiar a proposta e pide un pouco máis de rigor.

Intervén D. Manuel Luaces di que compraban se esas palabras non son as correctas, pensa que están na oportunidade de facer algo para poder aproveitar e concretar a unha persoa con discapacidade. Di que despois de reunirse con Fademga estarían dispostos a axudar para que se realice ese contrato. Fala doutros cousas, de boas experiencias por todo o territorio español, en Extremadura e Andalucía, con colaboración dos sindicatos como UXT. Poderían cumprir cunha labor e darlle unha oportunidade.

Intervén D^a Katherinie Varela di que quedou aclarado como vai ser o concurso para unha contratación externa. Di que se van abster.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que el dixo que ía ser concurso, non hai posibilidade de dicir que se vai contratar un conserxe, non lles fai falla un conserxe, o que necesitan é o servizo dunha empresa que faga de todo. Este contrato administrativo da persoa que estivo moitos anos, un contrato 01.9.1989, e é autónomo non é asalariado, facturaba. E logo, dicirlle, no pavillón nunca houbo unha persoa contratada como persoal laboral, houbo un autónomo, empresa unipersonal, non tiña relación laboral co concello. Di que el atopouse con moitísimos reparos para quitar a concurso este servizo. No 2004 se lle incrementou o que cobraba este señor bastante, sendo este alcalde concelleiro de deportes e, di D. Germán, ten un atrevemento especial, di que eles non privatizaron ningún servizo, o que xa estaban os manteñen.

Polo tanto di que non necesitan ningún conserxe, Fademga debería dirixirse ao Concello.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e tres votos a favor dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

15^o.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO –ESPERTA MONFORTE “AVANZANDO CARA UNHA CIDADE 30”

O ditame é favorable á proposta cun voto a favor do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto, e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do grupo municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria

Transcríbese a proposta da moción:

- 1.-*Campaña de comunicación sobre a normativa vixente a súa aplicación na nosa cidade. Propoñemos publicar un bando da alcaldía e difundir a información en redes e na web municipal.*
- 2.-*Procede de participación cidadá, creando espazos de debate (foros, mesas de mobilidade, etc). O proceso permitiría enmarcar o horizonte de "cidade 30" e o da aplicación de la nova regulación no contexto dunha transformación urbana cara a mobilidade sustentable, segura e saudable.*
- 3.- *Revisión e adaptación da normativa municipal. Elaborar/adaptar a ordenanza municipal de mobilidade en substitución das antigas de circulación ou tráfico.*
- 4.- *Modificación da sinalización. Adaptar os sinais verticais e a sinalización horizontal nas rúas dun so carril por sentido e a implantación da sinalización nos acceso á cidade.*
- 5.- *Creación dun Plan de Mobilidade Urbana Sustentable ou elaboración de programas de actuación equivalentes, para sendo a velocidade de referencia o eixo das intervencións.*
- 6.- *Elaboración e desenvolvemento dun plan ou programa de aplicación de medidas de calmado do tráfico para garantir que o deseño e a xestión das rúas estea acorde coa normativa de velocidade".*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que esta proposta xa foi debatida máis veces. Dicir que todo o que se vaia votar seguintes a estes acordos poderían quedar concretados no punto 5. Di que van votar a favor, cren que se debe facer, é algo unha necesidade que se precisa.

Intervén D^a M^a Luisa López di que van votar a favor desta iniciativa xa que trouxeron o tema de seguridade viaria, entende que é normal e obrigación de cumprir todas as normas vixentes. Fomentar a educación vial a tanto maiores, nenos, aínda que haxa os sinais postos hai que promover dende o concello ese respecto cara á circulación.

Intervén D. Ibán Torres di que todas as carencias das que fala aquí informa a policía local que non é así, cantas veces necesita que non se vai aprobar. Non ve necesidade de adaptación, revisión, polo tanto o concello cumpre coa lexislación vixente, para este alcalde si que é importante a seguridade vial. O problema radica en que hai condutores que non respectan as normas. En definitiva, a ordenanza recolle fielmente as modificacións recollidas na lei, se hai algunha sinal que non está correcta, diga cal é a que vostede considera que non é a correcta.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que copian literal da DXT fixeron un tema de cidades a 30 calles seguras, isto está nas redes, di que a el non lle molesta nada do que vostede diga. O que se ía dicir dique eles copian literal os pasos para unha cidade a 30, di que é da DXT non é deles, non piden que vostedes llo entreguen á policía, o único que piden é que haxa unha campaña de comunicación, porque a eles lles gustaría que Monforte circulase a 30. A este ritmo acabaran poñendo cámaras e radares.

Intervén D. Ibán Torres di que as cámaras son precisamente para o que vostede di D. Germán, vostede diga un sitio onde non haxa accidentes, hai infractores. Di que lle parece un tema moi serio. Con respecto ao trato que se lle da a vostede, non se confunda. As sinais di vostede que

hai un problema, xa está feito, di vostede que hai que modificar a sinalización, diga vostede unha sinal que estea mal colocada. Di que el ten que contestarlle no tono que corresponde, si trae esta proposta sete veces, el fala en función do contido da proposta non ten nada que ver coa persoa que a presenta.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

16º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (27.12.2023 E 29.12.2023).

17º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta do BNG sobre queixas das parroquias de Sindrán sobre camiños.

Resposta o Sr. Alcalde que en Sindrán so hai unha pista que ten problemas, pero é por sacar madeira, o arranxaran ao longo deste ano.

Rogo do BNG sobre estragos no pavillón.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que non hai ningunha goteira e que non hai queixa de ninguén, o que había era unha condensación que xa está arranxado. As oficinas cando estean listas, se falara cos clubes, a través dunhas bases.

Pregunta do PP sobre a rúa Morín

Resposta o Sr. Alcalde que está comprobado que debido as obras se atascan se limpan e xa está non habería outro problema.

Pregunta do PP sobre proceso selectivo

Resposta D^a Gloria Prada dicindo que houbo un problema generalizado do SIR en todas as reclamacións pero tamén é certo que a persoa fixo unha reclamación dous meses despois.

Rogo do PP dos veciños de Caneda.

Resposta o Sr. Alcalde que efectivamente había algunha fochanca, a fochanca está reparada e cando mellore o tempo se fagan rexeneracións se fará como noutras parroquias.

Rogo do Esperta Monforte sobre a rúa Zapardiel e sobre o botellón na zona C.

Resposta o Sr. Alcalde que en relación coa zona C que el saiba non hai ese problema.

Pregunta de Esperta Monforte que ten pensado facer ante a crítica situación do peche do parque de bombeiros.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que o tema dos bombeiros é un tema da Deputación máis ben do Consorcio. Cando as cousas non se fan ben.

Pregunta do BNG sobre o Consello de Saúde sobre si é un órgano colexiado.

Rogo do BNG sobre o colexio da Gándara sobre os elementos do parque infantil

Rogo do BNG que debido as obras do pavillón se dote de árbores na zona.

Rogo do PP sobre a moción do pleno do mes de decembro 2023 sobre a colocación de cámaras de vixilancia nos parques.

Rogo do PP sobre a reparación da rúa Montepando.

Pregunta do PP sobre recepción de material da aula CEMIT.

Remata a sesión ás once horas e cincuenta e oitos minutos do mesmo día. Do que eu Secretario, certifico.